FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

# CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE OUTUBRO DE 2025.**


DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR UN TREN DO SÉCULO XXI PARA FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL....2

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2025....6

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL MANIFESTO PARA O 25 DE NOVEMBRO....8

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 25-09-2025....10

2.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL ADICIONAL 4/2025.1ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA....11

3.- APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A ENCOMENDA DA XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A Á DEPUTACIÓN....16

4.- MOCIÓN BNG: REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E A NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA ....27

5.- DAR CONTA REMISIÓN ESFORZO FISCAL 2023....27

6.- ASUNTOS DE URXENCIA....28

7.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES....28

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA....28

9.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS....36

9.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG....36

9.2.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG....38

9.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP....39

9.4.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP....40

....43

REMATE DA SESIÓN....43

DILIXENCIA DE APROBACIÓN....43

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE OUTUBRO DE 2025.**

<u>ASISTENTES:</u>
<u>Presidente:</u>
D. Bernardo Fernández Piñeiro

<u>Concelleiros/as:</u>
Dª María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PsdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).
Dª Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).
Dª Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
Dª. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)
Dª María del Rocío Pena Pena (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
Dª Montserrat Pico Rodeiro (PP)

<u>A Secretaria xeral:</u>
Dª Ana Ramos Ramos

<u>O Interventor accidental</u>
D. José Luis Sande Vázquez

<u>NON ASISTEN:</u>

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e sete minutos do día trinta de outubro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria xeral e o Interventor accidental.

A Presidencia abre a sesión.

A secretaria indica que se presentan tres declaracións institucionais, dando lectura das mesmas, antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**<u>DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR UN TREN DO SÉCULO XXI PARA FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL</u>**

**A Unidade dos diferentes actores públicos ferroláns e galegos** decidiu a presentación ante o Goberno de España das demandas por un tren do século XXI para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. A cidadanía xa se está mobilizando e reclamando o dereito de que esta comarca non sexa permanentemente excluída da modernización do transporte ferroviario,

ambiental e socialmente sostible. Non merecemos nin máis nin menos que outras zonas de Galicia.

A conectividade dos territorios ás redes de transporte é hoxe en día, e máis que nunca, unha necesidade. Vivimos nunha sociedade en continuo movemento, onde a mobilidade de persoas e mercadorías é fundamental para conseguir unha sociedade ben estruturada e permitir o desenvolvemento económico e social, e a xeración de riqueza. No actual contexto de crise enerxética e climática, o ferrocarril é o medio de transporte máis idóneo porque non depende exclusivamente de combustibles fósiles. Europa aposta polo tren tanto para o movemento de persoas como de mercadorías, e tanto os servizos de proximidade de áreas urbanas como nos servizos rexionais, de longo percorrido e alta velocidade.

Neste contexto, resultan cada vez máis preocupantes e inxustas as grandes carencias que a comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal padecen en materia ferroviaria. As deficiencias das infraestruturas ferroviarias, a escaseza de servizos e tempos de viaxe non competitivos debuxan un panorama moi negativo para a nosa comarca, o que implica unha dependencia cada vez maior do transporte por estrada para a mobilidade de persoas e mercadorías.

O diagnóstico que realizamos da situación actual é o seguinte:

**Ferrol está excluído do Eixo Atlántico ferroviario de Alta Velocidade**. A autoestrada da Atlántico AP- 9 que comunica Ferrol coa Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo e a fronteira con Portugal, é sen dúbida a auténtica espiña dorsal da mobilidade interna de Galicia por estrada a pesar de ser de peaxe. Nos últimos anos realizouse unha modernización ferroviaria nalgunhas liñas de Galicia, esencialmente nos traxectos A Coruña-Vigo dentro do Eixo Atlántico e Santiago de Compostela-Ourense con saída cara á Meseta e Madrid. Ditas actuacións centráronse na súa conversión en liñas de altas prestacións para a chegada da Alta Velocidade a Galicia. O Eixo Atlántico ferroviario, nos seus primeiros proxectos foi proxectado desde Ferrol a Tui, pero os tramos Vigo-Tui e o que nos interesa da Coruña a Ferrol, quedaron excluídos das actuacións ferroviarias de altas prestacións, e é unha cuestión que non podemos admitir.

**Ferrol está deficientemente conectado ao resto da rede ferroviaria galega**. Ferrol uniuse á rede ferroviaria galega a través do tramo Ferrol-Betanzos Infesta, que se empezou a construír a finais do século XIX e finalizouse na segunda década do século XX, cunhas características técnicas que non se adaptan ao contexto actual, con curvas de radio pequeno. O trazado está sen dobre vía, sen electrificar e nalgún tramo aínda existen travesas de madeira. Os investimentos máis destacados que se realizaron neste tempo foron a instalación do Bloqueo Automático para incrementar a seguridade o que supuxo tamén a desaparición de persoal nas estacións do traxecto e a supresión dalgúns pasos a nivel. Isto dá unha idea do deixamento e a falta de investimentos importantes na infraestrutura. Iso condiciona toda a mobilidade ferroviaria de fronte ao exterior de Ferrol, tanto de persoas como de mercadorías.

Como consecuencia disto, **a conexión entre Ferrol e A Coruña é moi deficiente**. Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, as dúas cidades conforman a Rexión Urbana do Golfo Ártabro, e deben tender cara a unha integración funcional. A realidade



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

é que existen moi poucos servizos ferroviarios entre ambas as cidades a día de hoxe, con tempos elevados, non competitivos e adaptados ás ligazóns cos trens de Alta Velocidade da Coruña-Madrid e viceversa, obviando a mobilidade do resto de poboación que se poida desprazar por estudos, traballo etc.

**Ferrol é a única das sete grandes cidades galegas sen plans para a chegada da alta velocidade**. Mentres que as cidades do Eixo Atlántico xa dispoñen de trens AVE e estanse executando obras para a conexión entre Lugo e Ourense, Ferrol é un fondo de saco ferroviario esquecido no que non existe calendario oficial para a chegada da Alta Velocidade ferroviaria. A maiores tamén se eliminou a conexión directa con Madrid, coa desculpa de que se ten decido que as relacións entre Galicia e Madrid sexan con trens AVE (Talgo serie 106) que son exclusivamente de tracción eléctrica. Desde Renfe xustifícanse con que se poñen trens rexionais con ligazón na Coruña.

**Os servizos de proximidade que existen en Ferrol son de Renfe ancho métrico e presentan un elevado número de deficiencias.** Os únicos servizos de proximidade que se prestan en Galicia son os que opera Renfe Ancho Métrico (antiga FEVE) entre Ferrol e Ortigueira, cunha deterioración paulatina ano tras ano. A falta de investimento importante en infraestrutura, un material rodante escasamente fiable, con avarías constantes e unhas frecuencias mellorables fan que o servizo sexa deficiente.

**A conexión ás dársenas portuarias de Ferrol (interior e exterior) non está integrada no Corredor Atlántico Europeo de mercadorías**. O transporte ferroviario de mercadorías na comarca e no Porto de Ferrol está limitado polas características da liña entre Ferrol - Betanzos Infesta - Lugo. Aínda que se abra en breve prazo o acceso ferroviario a Caneliñas e se realice a modernización do traxecto entre o porto interior e a estación de ferrocarril de Ferrol con terceiro carril, a evolución e incremento de transporte de mercadorías vai estar supeditada a que os tramos Ferrol-A Coruña-Lugo-Monforte de Lemos non están incluídos no Corredor Atlántico Europeo de Mercadorías.

**Ferrol e a súa comarca foron sistematicamente marxinados nos investimentos importantes ferroviarios.** Mentres que nas últimas décadas investíronse enormes cantidades no resto da rede ferroviaria galega, tanto en conexións interiores como coa meseta, na comarca de Ferrol só se realizaron investimentos para renovacións de vía puntuais, instalación de Bloqueo Automático en as redes de ancho convencional e métrico, pero non se realizaron investimentos importantes, e nalgún caso, aínda que estaban contempladas nos Orzamentos Xerais do Estado, e no Plan Director de ADIF, nin se licitaron, nin se executaron e/ou se esqueceron nalgún caixón ministerial. Tampouco a compra de material novo para Renfe Ancho Métrico vai supoñer que se adxudique a Ferrol, xa que a maioría dos trens son de tracción eléctrica e a rede de ancho métrico en Galicia non está electrificada, e os seis trens híbridos son para substituír os que realizan o servizo entre Oviedo-Santander-Bilbao.

Unha vez exposto o anterior queremos **concretar e esixir o seguinte:**

1. **Instar ao Goberno do Estado a de maneira inmediata restituír as frecuencias e horarios entre Ferrol e A Coruña que existían ata o 9 de Xuño incluíndo a relación directa con Madrid e o incremento das frecuencias entre Ferrol e A Coruña** para cumprir as



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

necesidades de mobilidade da cidadanía. Isto conleva o **aumentar o numero de unidades** para poder realizar un servizo ferroviario eficaz e eficiente **(Que non haxa vehículos de RENFE "ociosos"** que poidan prestar o seu servizo).

2. **Instar ao Goberno do Estado a iniciar este ano 2025 o estudio informativo para a modernización da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol - Betanzos Infesta-A Coruña** para que sexa unha liña do século XXI, que permita a integración da comarca de Ferrol co resto da rede ferroviaria galega e co exterior, onde se contemple a rectificación de curvas, renovación de túneles, duplicación de vía,electrificación, puntos de cruzamento para mercadorías de 750m como esixe a Unión Europea e a súa inclusión no Corredor Atlántico tanto de viaxeiros como de mercadorías. Dito investimento ten que supoñer redución considerable dos tempos de viaxe para que sexan competitivos con outros modos de transporte e o vehículo privado.

3. **Instar ao Goberno do Estado a resolver este ano 2025 as alegacións** ao proxecto de construción do bypass de Betanzos Infesta e iniciar este ano a redacción do proxecto.

4. **Instar ao Goberno do Estado á mellora e modernización da infraestrutura e servizos de proximidade entre Ferrol e Ortigueira**. O tren de vía estreita non pode continuar cun proceso de degradación progresiva dado que é vital para a vertebración de todo o norte de Galicia entre Ferrol e Ribadeo.

5. **Instar ao Goberno do Estado á creación dun servizo de proximidade ferroviario entre Ferrol e A Coruña.** Trátase de vertebrar da forma mais eficiente un espazo urbano onde residen mais de 600.000 persoas, que permita unha mobilidade sostible, creando unha auténtica alternativa de transporte.

6. **Instar ao Goberno do Estado á intermodalidade dos diferentes modos de transporte.** Crear unha rede de transporte comarcal onde estean incluídos todos os modos de transporte colectivos existentes (trens de proximidade, trens rexionais, autobuses urbanos e interurbanos, taxis) con horarios e tarifas integradas. Esta rede de transporte supoñería a transformación das actuais estacións de tren e autobús de Ferrol, nunha única estación intermodal máis moderna e funcional.
Por iso é necesario a sinatura este ano 2025 do Convenio de Construción da Estación Intermodal entre ADIF, Xunta de Galicia e Concello de Ferrol e **revisar o número de apeadeiros en toda a liña** para que poidan cumprir a función de accesibilidade adecuada, **mellorando o acceso,** e que toda a poboación benefíciese dos mesmos.

7. **Instar ao Goberno do Estado á integración do Porto Exterior e Interior na rede ferroviaria moderna.** Inclusión do Porto Exterior e Interior na Rede Básica Transeuropea de Transporte (RTE-T) de transporte ferroviario de mercadorías xunto cos tramos Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo-Monforte de Lemos para un maior desenvolvemento industrial e económico da comarca.

8. **Instar á Xunta de Galicia** a **solicitar o traspaso** dos medios e servizos de viaxeiros por ferrocarril para **a xestión ferroviaria dun verdadeiro Servizo de proximidade á comunidade autónoma de Galicia** como existe noutras comunidades autónomas dado que non hai impedimentos legais para iso, o que suporía unha xestión máis próxima tanto para a



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

administración como para a cidadanía. A transferencia das competencias debe incluír previa e necesariamente o compromiso do Goberno Central de rematar todas as obras pendentes, o traspaso de material e a financiación necesaria.

9. **Instar ao Goberno do Estado a impulsar** as actuacións necesarias para garantir a chegada efectiva da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Ferrol e Lugo, asegurando a súa plena integración no Eixo Atlántico de Alta Velocidade

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2025**

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Nena par parte das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, foi un fito que transformou a visión da infancia nas nosas sociedades Os nenos, nenas e adolescentes deixaron de ser considerados meros receptores de coidados para converterse en suxeitos de dereitos, con voz, axencia e capacidade de transformación.

Cada ano, esta data lémbranos o compromiso colectivo de garantía os dereitos fundamentais de todos os nenos e nenas, promovendo o seu benestar, protección e participación activa na sociedade. As entidades locais, como institucións máis próximas á cidadanía, teñen un papel esencial na creación de contornas seguras, inclusivas e protectoras para a infancia. Por iso cómpre conmemorar a Día Mundial da Infancia non só para recoñecer os avances logrados, senón para evidenciar os retos persistentes, emerxentes, e nalgúns casos crecentes, que ameazan o benestar e o desenvolvemento da infancia en todo o mundo, especialmente en contextos de conflito e guerra.

Garantir os dereitos da infancia non é só unha obriga legal, senón un imperativo ético. Non é unha cuestión de voluntariedade, senón de compromiso, responsabilidade e prioridade no cumprimento dos seus dereitos. Cada neno e nena merece crecer nun ambiente seguro, saudable, garante dos seus dereitos, impulsor de oportunidades e participativo. Dado o noso rol preto da cidadanía, desde as institucións locais debemos redobrar esforzos para que ningún neno ou nena quede atrás, para ofrecer espazos de participación e para impulsar os dereitos da infancia.

Neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa infancia, na nosa localidade e contorna, pero tamén coa infancia noutros lugares da mundo, porque protexer e escoitar á infancia, a todas as infancias, en calquera lugar do mundo, é crucial hoxe e mañá.

Como responsables políticos debemos preguntarnos se estamos facendo o suficiente para protexer, promover e realizar os dereitos da infancia; se estamos destinando recursos abondo; se estamos tendo en conta as súas propostas cando tomamos decisións, se consideramos ós nenos, nenas e adolescentes de maneira prioritaria.

Son moitos os desafíos ós que debemos enfrontarnos; retos trasladados por parte de UNICEF España ao Comité dos Dereitos do Neno e ante os cales, todos os niveis da Administración pública deben estar aliñados e coordinados, co fin de priorizar o interese



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

superior do neno ou nena en calquera decisión, para iso nos comprometemos a traballar para:

Dar prioridade aos nenos, nenas e adolescentes en risco de pobreza e/ou exclusión:

Implementar medidas aliñadas coa Garantía Infantil Europea, co fin de abordar a elevada taxa de pobreza infantil, crecente como evidencia a taxa de pobreza de ingreso para a infancia o cal pasou de 28,9P< en 2024 ao 29,2% en 2025.

Universalizar o primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos, como unha medida eficaz para romper o ciclo de pobreza interxeracional.

Facilitar o acceso efectivo de toda a infancia a instalacións e actividades culturais, de lecer e deportivas, mediante un sistema que permita superar ás familias barreiras de custos, por exemplo.

Reducir as barreiras que atopa a infancia migrante e outros colectivos vulnerables para acceder ós seus dereitos sociais básicos, como a educación ou a atención en saúde, incluíndo a mental, combatendo tamén a estigmatización. Reforzar o principio segunda o cal, nenos e nenas non perden os seus dereitos ao cruzar unha fronteira.

Promover iniciativas que aseguren o acceso a unha vivenda adecuada, así como unha planificación urbana onde se lle dea prioridade o benestar da infancia.

Escoitar a opinión dos nenos, nenas e adolescentes:

Considerar as súas propostas e a súa visión a nivel local. Como cidadáns e cidadás, tem en conta as súas ideas é fundamental para mellorar a contorna e a planificación local.

Reforzar o compromiso para render contas, abrindo espadas para que nenas, nenos e adolescentes, reciban seguimento ás ideas e propostas que realizan. Terase especialmente en conta nenos, nenas e adolescentes con maior vulnerabilidade.

Protexer a infancia:

Potenciar programas e mecanismos de protección fronte aos riscos da contorna dixital.

Mellorar a coordinación entre todas as institucións e actores a nivel local, poñendo a protección da infancia no centro, despregando efectivamente a Lei orgánica de protección integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia (LOPIVI).

Previr, promover e atender as necesidades da infancia co fin de que desfruten dunha adecuada saúde mental.

Promover contornas seguros, limpas e saudables:

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Incorporar programas para o fomento dunha mobilidade segura e independente para a infancia, mediante infraestruturas e sistemas que a fomenten.

Dar prioridade ó coidado e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, velando pola súa adecuada saúde mental e asegurar o seu adecuado desenvolvemento na nosa localidade.

Implementar medidas para que nenos e as nenas vivan, crezan e se desenvolvan en ambientes sans e seguros. As súas vidas, saúde e posibilidades de desenvolvemento, serán protexidos fronte a calquera perigo por mor de danos ambientais como a contaminación ou temperaturas extremas.

Comprometidos coa infancia en calquera lugar:

Especialmente cos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven en lugares en conflito ou están a superar situacións de emerxencia. No caso de Gaza, é imprescindible que as partes se adhiran ós termos do acordo e garantan que o alto ao fogo se respecte, se manteña e conduza a unha paz duradeira, poñendo fin ao grave sufrimento dos nenos e nenas.

Por isa neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta, con dereitos, equitativa e protectora para todos os nenos, nenas e adolescentes.

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL MANIFESTO PARA O 25 DE NOVEMBRO**

*"A violencia de xénero non é un problema que afecte ao ámbito privado. Pola contra, manifestase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión..."*

No **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres** lembramos que a violencia machista é a manifestación máis terrorífica das desigualdades de xénero, que non respecta fronteiras nin culturas. Unha realidade estrutural que afecta, segundo ONU Mulleres, a un 35% das mulleres do planeta. Mais o 25 de novembro non é só un día para o recordo ás vítimas, debe ser un día para a acción, un día no que manifestamos o noso compromiso contra as violencias machistas.

Neste 2025 cumpríronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Na actualidade é o VIII Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027, o documento marco que engloba na nosa comunidade múltiples políticas para erradicar as desigualdades e as violencias. Este plan inclúe un eixe específico sobre a "Intervención para a erradicación da violencia de xénero" e abrangue 128 liñas de acción en oito áreas, como a educación, a empregabilidade e a intervención con vítimas.

Malia de levar anos lexislando a favor da igualdade de xénero dende todos os niveis de goberno, consideramos que os esforzos non son suficientes e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza ten que seguir avanzando para acadar o verdadeiro desenvolvemento do marco legal sen recortes económicos.

Garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria, que a día de hoxe non é unha realidade; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o crecemento da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa as vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das e dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIMs e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual...Son estas algunhas das carencias, ás que poderiamos sumar moitas outras, que nos afastan aínda moito da consecución dunha sociedade verdadeiramente igualitaria.

O Concello de Pontedeume está convencido e comprometido en que a loita contra as violencias machistas debe ser unha prioridade institucional e política, non só dos organismos e departamentos de igualdade senón en todos os ámbitos que afectan a vida das nosas veciñas e veciños. Actuar sobre as violencias machistas supón recoñecer graves fendas de xénero no ámbito social, económico, cultural etc. e supón atallar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través do desenvolvemento de políticas de igualdade e do respecto minucioso aos dereitos humanos das mulleres.

Por estes motivos, a Corporación Municipal do Concello de Pontedeume en pleno denuncia o negacionismo da violencia machista como unha grave forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas.

E, así mesmo, o Concello de Pontedeume queremos expresar con firmeza, non só o noso rexeitamento ás violencia que sofren as mulleres polo mero feito de selo, senón tamén dar conta de que é algo que nos compromete a todas e a todos: axentes sociais, institucións, cidadanía, medios de comunicación..., recoñecendo a importancia do papel das entidades locais en tanto poderes públicos próximos ás realidades que viven as mulleres, as nenas e os nenos. Con esta manifestación pública invitamos e animamos a veciñanza da localidade a secundar as mobilizacións do movemento feminista galego.

Hoxe a Corporación Municipal reitera o compromiso de seguir a loitar pola erradicación das violencias contra as mulleres; amosando, ademais, o noso firme rexeitamento a quen as exerce e á complicidade de quen as silencia.

Por todo o exposto ACORDAMOS:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

• Pautar o incremento de persoal e o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrencia, e desenvolvemento e aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

• Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.

A nivel municipal comprometémonos a seguir promovendo e impulsando accións con perspectiva de xénero dende todas as áreas municipais cara a sensibilizar a cidadanía do valor da igualdade de xénero como ferramenta para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A continuación, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 25-09-2025.**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.***

*Expediente TEDeC: 2025/G006/000267*

*Recibida polas persoas membro do Pleno do Concello, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA DE 25.09.2025***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO****:*

***PRIMEIRO****. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA DE 25.09.2025*** *(borrador asinado o día 21.10.2025)*

***SEGUNDO.-****. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro".*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE OITO VOTOS A FAVOR (10);** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (6), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e Dª Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío Pena Pena; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; e **TRES ABSTENCIÓNS (3),** do concelleiros e da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE (1), D. Daniel Ríos Fernández, D. José Simoes Couceiro e Dª Alejandra Bellón Tenreiro, por non estar presentes na sesión cuxo borrador se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte**:**

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 25.09.2025** (borrador asinado o día 21.10.2025)

**SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL ADICIONAL 4/2025.1ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de dia 27.10.2025, que se transcribe a continuación:

***«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE OUTUBRO DE 2025***
***EXPEDIENTE: 2025/G012/000018***

***<<2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL ADICIONAL 4/2025.1ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.***

*Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DE ALCALDÍA***

***PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL ADICIONAL 4/2025.1ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA***

*Expediente: 2024/A007/000003 - 2025/G006/000245*

*Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 03/10/2025, documento con rexistro de entrada nº 202500000002211 de 03/10/2025, na que se comunica a aprobación, polo Pleno da Deputación da Coruña o día 3 de outubro de 2025, da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia; e publicadas no BOP nº 192 de 08.10.2025.*

***Conforme aos criterios de reparto que figuran na base 4.1, o importe asignado ao concello de Pontedeume, é a seguinte:***

| ***CONCELLO*** | ***TOTAL*** |
|---|---|
| *Pontedeume* | *171.979,06 €* |

*O POS+Adicional 4/2025 fínanciase cunha achega provincial por importe de 22.000.000,00 € consignada no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 4/2025 aprobado na sesión plenaria do 3 de outubro de 2025, polo que a aprobación definitiva desta modificación das bases quedou condicionada á entrada en vigor do EMC 4/2025 coa publicación no BOP do correspondente anuncio.*

*Segundo se indica na propia circular, os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025:*

*- Gastos correntes do concello de todo o ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025 se se solicitaron.*

*- Redución da débeda dos concellos coa deputación pola solicitude e aplicación do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, segundo se define na Base 14 que regula o POS+Adicional 3/2025*

*- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.*

*O POS+Adicional 4/2025 aprobarase en dúas fases, e o concello poderá participar nunha soa fase ou nas dúas, ata esgotar o importe asignado neste Plan:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*- A primeira fase incluirá as solicitudes de financiamento de gasto corrente e de redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial.*

*- A segunda fase incluirá as solicitudes de financiamento de investimentos financeiramente sostibles.*

*Logo de ver o informe elaborado pola Intervención Municipal (Anexo III das bases da convocatoria), asinado dixitalmente o 16/10/2025.*

*Esta Alcaldía propón para o seu ditame pola Comisión informativa a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO****:*

***PRIMEIRO****.-* ***Participar na primeira fase*** *do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 4/2025"*** *da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:*

| | ***ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025*** |
|---|---|
| ***Gastos correntes 2025*** | *171.979,06 €* |
| ***Redución da débeda do concello coa deputación*** | *0 €* |
| ***TOTAL*** | *171.979,06 €* |

| | |
|---|---|
| *Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025* | *171.979,06 €* |
| *Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025* | *171.979,06 €* |
| *Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025* | *0 €* |

***SEGUNDO.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña*** *a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

***TERCEIRO****.-* ***Facultar expresamente á Alcaldía*** *para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

*No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

*Sen intervencións, sométese a proposta a votación***,** *quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita***, *POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR (5),*** *dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; e* ***DÚAS ABSTENCIÓNS (2)*** *do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro>>*.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que se trata dun novo adicional ao plan único da Deputación, que este ano é o máis grande con respecto a anos anteriores, e tendo en conta que se está a finais de ano, entenden que o máis lóxico é destinar estes fondos a gasto corrente; e así tamén se permite liberar partidas do orzamento para destinar a outros investimentos.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que pregunta cal é o motivo de destinar todos os fondos a un so gastos, neste caso concreto ao consumo eléctrico.

Responde o **Sr. Presidente** que normalmente se escollen a electricidade ou Sogama, porque son gastos moi elevados dentro do orzamento municipal.

Intervén **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para preguntar se os créditos que se liberan ao ter esta axuda, se reflectirán no orzamento do ano seguinte.

Responde o **Sr. Presidente** que para saber os créditos que pasarán ao ano que ven hai que esperar a pechar o exercicio e ver se hai remanentes ou non. Pero indica que hai un gasto moi elevado na recollida do lixo, e no incremento do custo de Sogama neste servizo haberá un déficit moi importante; indica que hai unha directiva que da un prazo de tres anos para que o servizo se financie de maneira impositiva, e dicir, que o concello non podería financiar o servizo. Continúa dicindo que o concello xa está a incentivar medidas para reducir o lixo, como a compostaxe; pero indica que o modelo que hai en Galicia, que é queimar os residuos, eleva moitísimas o custe do servizo.

Toma a palabra **don José Simoes Couceiro, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE**, para solicitar unha reunión de portavoces para tratar o tema da recollida do lixo porque xa hai cifras e estatísticas, na actualidade hai un desequilibrio moi importante; e di que lles compete a todos os que conforman facer pedagoxía e adoptar unha solución a este problema.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Toma a palabra o **Sr. Curbeira** para dicir que a pedagoxía ten que ser un cambio de modelo, e que xa se presentara unha moción neste sentido.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que a cidadanía en termos xerais cumpre co depósito do lixo nos distintos colectores, pero sen embargo si hai un problema co sector da hostalaría, e polo tanto igual hai que adoptar outras medidas.

Toma a palabra **dona Rocío Pena Pena, concelleira do grupo municipal do BNG**, para indicar que se podería implantar o punto móbil do punto limpo, que xa o viu noutras localidades como Ares e Cabanas e lle parece moi útil, xa que é itinerante, e vai pasando por distintas localidade ao longo do tempo.

Responde o **Sr. Presidente**, que este ano solicitaron a subvención para este tipo de servizo e non lles foi concedida, e continúa dicindo que dende hai máis ou menos 9 meses, a percepción que teñen é que a cousa empeorou no tema da recollida de voluminosos; a xente non fai caso á hora de depositar os residuos voluminosos, baleiran casas enteiras de tres plantas, depositan escombros de obra nas rúas, depositan cando saben que o camión non pasará... Indica que van facer unha campaña para explicar o funcionamento do servizo, pero que se con isto non se mellora, igual hai que tomar outras medidas.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para dicir que tamén hai que fomentar o correcto uso do punto limpo e incluso barrallar a posibilidade de apertura do mesmo algúns días polas tardes.

Responde o **Sr. Presidente** que a xente tamén está acostumada e cambiar horarios tampouco lle gusta, que o traballador xa cumpre a súa xornada e vai algunha tardes, cando vai o camión dos voluminosos.

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**.- **Participar** na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

| | **ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025** |
|---|---|
| **Gastos correntes 2025** | 171.979,06 € |
| **Redución da débeda do concello coa deputación** | 0 € |
| **TOTAL** | 171.979,06 € |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| | |
|---|---|
| Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025 | 171.979,06 € |
| Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025 | 171.979,06 € |
| Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025 | 0 € |

**SEGUNDO**.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**TERCEIRO**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**3.- APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A ENCOMENDA DA XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A Á DEPUTACIÓN.**

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de dia 27.10.2025, que se transcribe a continuación:

***«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE OUTUBRO DE 2025***
***EXPEDIENTE: 2025/G012/000018***

***<<3. APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A ENCOMENDA DA XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A Á DEPUTACIÓN.***

*Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO , ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA)***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte* ***PROPOSTA:***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



***APROBACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A ENCOMENDA DA XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A Á DEPUTACIÓN***

***(Expte urbanístico 2025/A006/000014)***
***(Expte TEDeC 2025/G006/000259)***

*Logo de ver o Convenio interadministrativo de cooperación tipo entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de menos de 20.000 habitantes co obxecto de habilitar a posibilidade de encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto técnico/a a esta Deputación aprobado mediante acordo do Pleno do Concello de Pontedeume en sesión ordinaria celebrada o día 03.10.2025 e con data de rexistro de entrada no concello do 05.10.2025 (núm. 202590000006133)*

*Logo de ver a memoria xustificativa asinada pola Alcaldía o día 17.10.2025 na que se recollen as razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos, da mellora da eficiencia e da xestión pública, coa eliminación de duplicidades administrativas e o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

*Logo de ver o informe xurídico asinado pola Técnica Superior de Administración Local, conformado pola Secretaria xeral do concello de Pontedeume o día 20.10.2025.*

*Tendo en conta o establecido na normativa de aplicación, isto é a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.b) e 47.2 g) e 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.*

*Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

***PRIMEIRO.-** Encomendar a xestión material da selección do persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do concello de Pontedeume na Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, aprobar o texto do convenio de colaboración interadministrativa segundo o literal que a continuación se transcribe:*

*"**CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ......... CO OBXECTO DE HABILITAR A POSIBILIDADE DE ENCOMENDAR A XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DO SEU PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A A ESTA DEPUTACIÓN.***

*Na Coruña, na data da sinatura electrónica*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



***INTERVEÑEN***

*Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, Don Valentín González Formoso (ou deputado/a en quen delegue), identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, e asistido polo Secretario Xeral, Don Miguel Iglesias Martínez (ou quen legalmente lle substitúa), quen se identifica igualmente electronicamente mediante o correspondente certificado de firma electrónica, no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*E, doutra parte, o Concello de ........, con NIF ........, representado polo seu Alcalde/sa Don/ Dona ........, ou concelleiro/a en quen delegue, cargo que segue desempeñando na actualidade, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica e facultado para a subscrición do presente convenio segundo se desprende do acordo adoptado e certificado pola secretaria do mesmo de data ........*

*Mediante a sinatura do presente documento, Don/Dona..... declara expresamente que o acordo relacionado no parágrafo anterior e as facultades que do mesmo se derivan non foron suspendidas, limitadas nin revogadas.*

*Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto*

***MANIFESTAN***

*1.- Que de conformidade co disposto no art. 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.*

*2.- Que, por outra banda, a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.*

*3.- Que tanto a Deputación da Coruña, como o Concello de ........ consideran que a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes é unha necesidade básica de todos os concellos, e que a formación dunha lista provincial, xestionada desde o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.*

*4.- Que esta encomenda da xestión da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día ........*

*5.- Que a aceptación desta encomenda da xestión foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial o día ........*

*6.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de ........, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme as seguintes.*

***CLÁUSULAS***

***Primeira.- Obxecto***

*Este convenio ten por obxecto a fixación das bases da encomenda voluntaria da xestión material da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do Concello de ........ ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación Provincial.*

***Segunda.- Compromisos***

*Para estes efectos, a Deputación, a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese a poñer ao dispor do Concello a lista de agarda elaborada por este Servizo a partir do correspondente proceso de selección. Pola súa banda, o Concello comprométese a que o posto ofertado sexa a xornada completa ou cando menos de tres (3) días á semana, agás que mediante acordo de dous concellos limítrofes ou dentro da mesma comarca garantan conxuntamente a cobertura da xornada completa. Ademais, para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal desta listaxe, a duración estimada da baixa será de cando menos un (1) mes.*

*O Concello asumirá como persoal propio á persoa resultante da listaxe elaborada por esta Deputación por orde de prelación.*

*A sinatura deste convenio non impedirá que o Concello, se o estimase conveniente, poida desenvolver en calquera momento os seus propios procesos selectivos.*

*Terceira.- Procedemento*

*O procedemento de solicitude de asistencia en materia de selección de persoal técnico propio para o Concello será o seguinte:*

- *Presentación da solicitude, asinada pola persoa titular da Alcaldía, mediante o procedemento de SUBTEL no modelo que se xunta como Anexo I: procedemento de SUBTEL [0089] Asistencia Técnica a Municipios - (SATM-AD) Solicitudes de asistencia xeral (documental).*

  *Coa solicitude achegarase un escrito asinado pola persoa titular da Secretaría especificando as características do posto e a duración mínima da vinculación, sen prexuízo de calquera outra información complementaria que se considere conveniente.*

- *Unha vez recibida a solicitude, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios iniciará o proceso de chamamentos consonte o Regulamento de selección de persoal*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (Boletín Oficial da Provincia número 119, do 30 de xullo de 2020 ou o que en cada momento o substitúa) coas particularidades que aquí se contemplan.*

- *As persoas candidatas disporán de dous (2) días hábiles para aceptar ou renunciar. Unha vez aceptado o posto pola persoa integrante da listaxe, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios comunicará tal circunstancia ao Concello no prazo de dous (2) días hábiles.*

- *No prazo máximo de dez (10) días hábiles dende a aceptación, o Concello deberá proceder ao nomeamento como persoal funcionario interino da persoa seleccionada, que tomará posesión ante o Concello o día seguinte.*

- *O Concello deberá comunicar ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios a toma de posesión, a duración do contrato e calquera alteración do seu estado, incluída a finalización.*

- *Durante a vixencia da lista manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de facer os chamamentos:*

  *- a aparición dunha vacante sen reserva de praza considerarase unha mellora de emprego e suporá o ofrecemento desta vacante por orde de prelación na lista e por unha soa vez por candidato. Só se poderá optar a esta mellora cando se teñan máis de seis (6) meses de antigüidade no posto desempeñado nese momento.*

  *- as persoas que ocupen postos que non acaden a xornada completa poderán renunciar ao nomeamento transcorridos os seis meses de traballo efectivo, sen seren penalizadas.*

***Cuarta.- Vixencia do presente convenio.***

*O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade da resolución.*

***Quinta. Natureza e Xurisdición competente.***

*O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto nos artigos 47 e 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; na disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normas de dereito administrativo que lles resulten aplicables. O Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación será de aplicación en todo o que complemente e non contradiga as cláusulas deste convenio.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do mesmo corresponderá á Xurisdición Contencioso-Administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa orde xurisdicional.*

*E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.*

| O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE ........ |
|---|---|
| Asdo.: Valentín González Formoso | Asdo.: ........ |

*O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA*
*Asdo.: Miguel Iglesias Martínez*

***ANEXO I Solicitude***

*Este concello solicita, segundo o previsto no vixente Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios, así como no correspondente convenio de encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación Provincial da Coruña:*

| | |
|---|---|
| *Concello:* | |
| *Tipo de asistencia requirida:* | *Designación de persoal técnico conforme a listaxe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña*<br>☐ *Arquitecto/a*<br>☐ *Arquitecto/a técnica/a* |
| *Persoa de contacto:* | |
| *Cargo:* | |
| *Teléfono fixo (+ext) / Móbil:* | |
| *Enderezo electrónico:* | |

*Achégase relación de documentos á parte.".*

***SEGUNDO.-*** *Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.*

***TERCEIRO.-*** *Facultar ao Alcalde-Presidente do concello de Pontedeume para a sinatura de canta documentación se derive do presente acordo.*

***CUARTO.-*** *Publicar o presente acordo no portal de transparencia da sede electrónica para os efectos de publicidade activa*

*NO ENTANTO, A PLENO ADOPTARÁ O ACORDO QUE ESTIME OPORTUNO.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*A Presidencia abre a quenda para o debate.*

*...//...*

*Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación*, *quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita*, ***POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR (5),*** *dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; e* ***DÚAS ABSTENCIÓNS (2)*** *do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro>>.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que indica que non é fácil atopar arquitectos para a cobertura de vacantes ou baixas; é un servizo que levaban tempo demandando á Deputación, pero considera que vai ser unha axuda para desconxestionar o departamento de urbanismo.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez**, concelleiro do grupo municipal do BNG, para preguntar cales son as medidas que vai adoptar o goberno municipal para a cobertura das prazas que están vacantes segundo o indicado no informe do departamento que está no expediente.

Responde o **Sr. Presidente** que o problema que hai no departamento de urbanismo, como en todos os departamentos do Concello, é a taxa de reposición, que mentres non haxa orzamentos xerais do Estado que modifique ou elimine a taxa de reposición están condicionados á hora de facer novas convocatorias de prazas, indica que hai unha sentencia que parece que pode reverter a taxa de reposición e non ter que aplicala ao ter os orzamentos prorrogados, pero non saben nada concreto. Indica que todo o que se puido facer para reforzar os departamentos do Concello se convocaron; na policía local cunha nova incorporación xa estarán cubertas as prazas da RPT, no departamento de urbanismo están para sacar á praza de arquitecta e a de administrativo e auxiliar administrativo. Continúa dicindo que é un problema que teñen todos os concellos pequenos, e que ademais hai concellos grandes como o da Coruña, que están convocando moitas prazas e a xente estase indo a traballar a Coruña, como lles pasou a eles coa técnica de xestión e a administrativa de intervención.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e Dª Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodriguez Piñeiro e Dª Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío Pena Pena, o **ACORDO seguinte:**

**PRIMEIRO.-** Encomendar a xestión material da selección do persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do concello de Pontedeume na Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, aprobar o texto do convenio de colaboración interadministrativa segundo o literal que a continuación se transcribe:

*"**CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ......... CO OBXECTO DE HABILITAR A POSIBILIDADE DE ENCOMENDAR A XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DO SEU PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A A ESTA DEPUTACIÓN.***

*Na Coruña, na data da sinatura electrónica*

***INTERVEÑEN***

*Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, Don Valentín González Formoso (ou deputado/a en quen delegue), identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, e asistido polo Secretario Xeral, Don Miguel Iglesias Martínez (ou quen legalmente lle substitúa), quen se identifica igualmente electronicamente mediante o correspondente certificado de firma electrónica, no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*E, doutra parte, o Concello de ........, con NIF ........, representado polo seu Alcalde/sa Don/ Dona ........, ou concelleiro/a en quen delegue, cargo que segue desempeñando na actualidade, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica e facultado para a subscrición do presente convenio segundo se desprende do acordo adoptado e certificado pola secretaria do mesmo de data ........*

*Mediante a sinatura do presente documento, Don/Dona..... declara expresamente que o acordo relacionado no parágrafo anterior e as facultades que do mesmo se derivan non foron suspendidas, limitadas nin revogadas.*

*Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto*

***MANIFESTAN***

*1.- Que de conformidade co disposto no art. 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.*

*2.- Que, por outra banda, a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.*

*3.- Que tanto a Deputación da Coruña, como o Concello de ........ consideran que a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes é unha necesidade básica de todos os concellos, e que a formación dunha lista provincial, xestionada desde o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.*

*4.- Que esta encomenda da xestión da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día ........*

*5.- Que a aceptación desta encomenda da xestión foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial o día ........*

*6.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de ........, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme as seguintes.*

***CLÁUSULAS***

***Primeira.- Obxecto***

*Este convenio ten por obxecto a fixación das bases da encomenda voluntaria da xestión material da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do Concello de ........ ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación Provincial.*

***Segunda.- Compromisos***

*Para estes efectos, a Deputación, a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese a poñer ao dispor do Concello a lista de agarda elaborada por este Servizo a partir do correspondente proceso de selección. Pola súa banda, o Concello comprométese a que o posto ofertado sexa a xornada completa ou cando menos de tres (3) días á semana, agás que mediante acordo de dous concellos limítrofes ou dentro da mesma comarca garantan conxuntamente a cobertura da xornada completa. Ademais, para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal desta listaxe, a duración estimada da baixa será de cando menos un (1) mes.*

*O Concello asumirá como persoal propio á persoa resultante da listaxe elaborada por esta Deputación por orde de prelación.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*A sinatura deste convenio non impedirá que o Concello, se o estimase conveniente, poida desenvolver en calquera momento os seus propios procesos selectivos.*

*Terceira.- Procedemento*

*O procedemento de solicitude de asistencia en materia de selección de persoal técnico propio para o Concello será o seguinte:*

- *Presentación da solicitude, asinada pola persoa titular da Alcaldía, mediante o procedemento de SUBTEL no modelo que se xunta como Anexo I: procedemento de SUBTEL [0089] Asistencia Técnica a Municipios - (SATM-AD) Solicitudes de asistencia xeral (documental).*

  *Coa solicitude achegarase un escrito asinado pola persoa titular da Secretaría especificando as características do posto e a duración mínima da vinculación, sen prexuízo de calquera outra información complementaria que se considere conveniente.*

- *Unha vez recibida a solicitude, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios iniciará o proceso de chamamentos consonte o Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (Boletín Oficial da Provincia número 119, do 30 de xullo de 2020 ou o que en cada momento o substitúa) coas particularidades que aquí se contemplan.*

- *As persoas candidatas disporán de dous (2) días hábiles para aceptar ou renunciar. Unha vez aceptado o posto pola persoa integrante da listaxe, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios comunicará tal circunstancia ao Concello no prazo de dous (2) días hábiles.*

- *No prazo máximo de dez (10) días hábiles dende a aceptación, o Concello deberá proceder ao nomeamento como persoal funcionario interino da persoa seleccionada, que tomará posesión ante o Concello o día seguinte.*

- *O Concello deberá comunicar ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios a toma de posesión, a duración do contrato e calquera alteración do seu estado, incluída a finalización.*

- *Durante a vixencia da lista manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de facer os chamamentos:*

  *- a aparición dunha vacante sen reserva de praza considerarase unha mellora de emprego e suporá o ofrecemento desta vacante por orde de prelación na lista e por unha soa vez por candidato. Só se poderá optar a esta mellora cando se teñan máis de seis (6) meses de antigüidade no posto desempeñado nese momento.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 17/12/2025 15:14:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 17/12/2025 15:19:00)
Versión imprimible
CVD: SnjsqLlknDVC4gtf1RdA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*- as persoas que ocupen postos que non acaden a xornada completa poderán renunciar ao nomeamento transcorridos os seis meses de traballo efectivo, sen seren penalizadas.*

***Cuarta.- Vixencia do presente convenio.***

*O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade da resolución.*

***Quinta. Natureza e Xurisdición competente.***

